



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno I: Alemán	Código	662G01047	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	AlemánCastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	emcancela@gmail.com	
Profesorado	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	emcancela@gmail.com	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades mínimos necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas mínimas (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Consolidar as estruturas básicas da lingua alemá a nivel básico.	A16	B1 B4 B6	C2 C7
Consolidar un léxico xeral básico para poder entrar en conversacións (de forma oral ou escrita) con persoas de fala alemá.	A16	B1 B3 B4 B6	C2 C7
Consolidar unhas nocións básicas de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A16	B1 B4 B6	C2 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A16 A29	B3 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel básico en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B6 B7	C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Begrüßen, verabschieden und (sich) vorstellen.</p>	<p>AUSSPRACHE: .- Regras básicas da pronunciación alemá. .- Entoación e acento alemá en oracions sinxelas.</p> <p>GRAMMATIK: .- Xénero e número dos substantivos. .- Artigo determinado e indeterminado e a súa declinación I. .- Oracións simples: afirmativas, negativas e interrogativas. .- O pronombre persoal e a súa declinación I (Nominativ)</p> <p>WORTSCHATZ: .- Die Zahlen .- Die Familie.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Saúdos e presentacións.</p>
<p>Im Alltag.</p>	<p>AUSSPRACHE: .- Regras de pronunciación: ditongos e vogais modificados en alemán(ä, ö, ü).</p> <p>GRAMMATIK: .-O artigo determinado e indeterminado e a súa declinación II. .- Partículas interrogativas. .- O pronome persoal e a súa declinación II (Akkusativ-Genitiv) .- O verbo en presente de indicativo. .- Verbos separables e non separables.</p> <p>WORTSCHATZ: .- Die Tageszeiten / Datum / Uhrzeiten. .- Berufe. .- Die Schule / Universität und die Wohnung.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Preguntas con e sen partículas interrogativas. .- Preguntar pola hora e dar a hora. .- Falar sobre a rutina diaria.</p>



<p>Im Restaurant.</p>	<p>AUSSPRACHE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entoación e acento en oracións con dous verbos. - Pronunciación das terminacións típicas da lingua alemá. <p>GRAMMATIK:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verbos modais en presente do indicativo. - O pronome persoal e a súa declinación III (Dativ) - Conectores I. - O adxectivo posesivo e a súa declinación. <p>WORTSCHATZ:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Die Lebensmittel: Obst, Gemüse, Getränke... - Speisen- und Getränkekarte. <p>KOMMUNIKATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diálogos en restaurantes e cafetarías.
<p>Die Familie.</p>	<p>AUSSPRACHE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entoación e acento en oracións coordinadas. <p>GRAMMATIK:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preposicións II - Conectores II. <p>WORTSCHATZ:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verwandtschafte. - Hobbys. - Die Wohnung. <p>KOMMUNIKATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar da familia, actividades y da vivenda.
<p>Der Sommer ist da!</p>	<p>AUSSPRACHE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entoación en oracións exclamativas. <p>GRAMMATIK:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O verbo en futuro de indicativo. - O verbo en imperativo. - Preposicións III <p>WORTSCHATZ:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Die Stadt. - Reisen und Tourismus. <p>KOMMUNIKATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar os plans futuros. - Dar indicacións pola cidade.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Proba oral	A13 A16 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	2	12	14
Traballos tutelados	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7	10	25	35
Sesión maxistral	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	20	5	25
Obradoiro	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	10	15	25
Proba mixta	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	3	45	48
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Nos últimos días do curso terá lugar unha proba oral consistente nunha entrevista de 5 minutos de duración seguindo as pautas e indicacións explicadas en clase.
Traballos tutelados	O alumno deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesor.
Sesión maxistral	O profesor impartirá as clases maxistras co fin de comunicar e transmitir aos alumnos os coñecementos básicos da lingua para que eles poidan aplicalos posteriormente no resto de actividades e probas que se desenvolvan ao longo do curso.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados nas clases maxistras levará asignado unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas.
Proba mixta	Ao final do curso realizarase 1 proba mixta final escrita que constará de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita Para superar a proba será necesario superar cada unha das dúas partes por separado (exercicios e expresión escrita).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral Traballos tutelados	Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesor responderá e orientase ao alumnado de cara á devandita proba. Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso na realización das devanditas probas. A final de curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A13 A16 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	A proba oral consistirá nun exercicio oral público tipo presentación e/o entrevista individual duns 10 minutos de duración.	10



Traballos tutelados	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C6 C7	<p>É necesario ter entregado un mínimo do 75% dos traballos tutelados para que a cualificación destes se teña en conta na nota final da materia.</p> <p>Os traballos, unha vez feita a primeira corrección por parte do profesor, deberán ser corrixis polos alumnos e deberanos de entregar novamente para que sexan tidos en conta na cualificación final da materia.</p> <p>O final do curso o alumno deberá contar con un portfolio que será entregado seguindo as indicacións de forma e tempo estipuladas para a súa valoración na avaliación final, sempre que a nota da proba mixta final sexa igual ou superior ao 4.5.</p>	15
Proba mixta	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	<p>As probas mixtas constarán de dúas partes:</p> <p>a.- Exercicios de contido gramatical.</p> <p>b.- Expresión escrita consistente nunha redacción.</p> <p>Será necesario aprobar cada unha das dúas partes das que consta a devandita proba para superar a materia (exercicios de gramática e expresión escrita).</p> <p>Para que se teñan en conta as notas obtidas no resto de traballos realizados ao longo do curso (incluído a proba mixta durante o curso) o alumno deberá de obter no exame final escrito unha nota igual ou superior ao 4.5.</p>	75

Observacións avaliación

- A participación, asistencia e aproveitamento das clases, así como a entrega das redaccións, a proba oral e o resto de probas que se realicen ao longo do curso serán tidas en conta na valoración final da materia sempre e cando se trate da Convocatoria Ordinaria (1ª Oportunidade) e o alumno obteña unha nota mínima de 4.5 no exame escrito final..- No resto de convocatorias a cualificación final da materia quedará supeditada ao exame escrito. Isto é aplicable a todos os alumnos..- No caso de alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grado na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" a nota final da asignatura será aquela da proba mixta final. En caso de ser posible recoméndase ao alumno facer a proba oral e mais os traballos tutelados para poder ser tidos en conta, neste caso a nota final será a suma porcentual da proba mixta, a proba oral e os traballos tutelados. De calquera modo os traballos terán que ser entregados en la fecha que se establezca, para o que o alumnado terá que estar en contacto con outros compañeiros ou ben co profesor.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Borrucco, M (2000). Reisen. DaF für das Tourismusstudium. Lehrbuch.. Síntesis - Cohen, U. (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Lehrbuch. Langenscheidt - Cohen, U. (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Lehrbuch. Langenscheidt - Werner, G (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Al Dreyer, H & Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber - Borrucco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch. Síntesis - Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Arbeitsbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Arbeitsbuch. Langenscheidt - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder - Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder - Fandrych, C & Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett - Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt - Lemcke, Ch. & Rohrmann, L (2009). Berliner Platz 1 Neu. Langenscheidt - Rusch, P & Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Moderno II: Alemán/662G01048

Segundo Idioma Moderno III: Alemán/662G01049

Observacións

De acordo coa páxina 100 do Libro Branco é obrigatorio "ter aprobado a materia do nivel inferior antes de pasar aos niveis superiores". É por isto que se recomenda ao alumno que planifique o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. No caso do idioma alemán, debido á complexidade que supón para alumnos hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. O alumno deberá ser capaz de relacionar os diferentes conceptos que se verán ao longo do curso para poder desenvolver as súas capacidades lingüísticas e comunicativas coa maior eficiencia posible. En todo momento se poñerán a disposición do alumno consellos e pautas de estudo que lle axuden nesta tarefa. Así mesmo recordar a posibilidade de acudir a tutorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais do alumno.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías